

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE SETEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10,00 horas do día 27 de setembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 24 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Failde
D. José Angel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a e 3a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste os puntos 8b e 9b)
D^a Susana González Ramírez (asiste aos puntos 2b e 4a)

Secretario: D. Lucio C. Varela Borreguero

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 18 de setembro de 2018

Apróbase a acta do 18 de setembro de 2018 cos votos de D^a María Jesús Lago Rey, D^a María Isabel Fernández Gabriel e D^a Olga Gómez Corbal.

b) Acta do 19 de setembro de 2018

Apróbase a acta do 19 de setembro de 2018 cos votos de D^a María Jesús Lago Rey, D^a María Isabel Fernández Gabriel e D^a Olga Gómez Corbal.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

O secretario le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:05	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4H-C6D3C7-C2C28A-H9LE44-73LTVE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que de seguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. PRACE
3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
4. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
5. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
6. CIVIS GLOBAL, S.L.
7. COPCISA, S.A.
8. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
9. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
10. LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
11. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
12. MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.
13. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
14. ORECO, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 05-09-2018, para a contratación por procedemento aberto do "Subministro de gas natural canalizado para as distintas instalacións e dependencias de titularidade do Concello de Vigo recollidas no Anexo I do PPT. EXPTE. 70-441" que rematou o día 20 de setembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes non figura que se presentase ningunha oferta económica".

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de agosto de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:05	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4H-C6D3C7-C2C28A-H9LE44-73LTVE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 26 de setembro de 2018 *"non figura que se presentase ningunha oferta económica"*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para este procedemento, como consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 26 de setembro de 2018, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441) por non terse presentado ningunha proposición".

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (70-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2b declarar deserto o procedemento.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) (informe sobre B)

O secretario le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o 24 de setembro de 2018 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:05	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4H-C6D3C7-C2C28A-H9LE44-73LTVE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332) (informe sobre B)

O secretario le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a Xefa do Servizo de Educación o 24 de setembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo Xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 24 de setembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a Xefa do Servizo de Educación o 24 de setembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a integración dos sistemas de xestión da recadación municipal co xestor de expedientes corporativo e a xestión tributaria e adaptación do modelo de datos de terceiros en xestión tributaria ao sistema integrado de poboación (8.532-113)

Retírase este asunto da orde do día.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11,45 horas. De todo o tratado eu secretario dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

O secretario da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 10:05	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4H-C6D3C7-C2C28A-H9LE44-73LTVE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		